

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras do I Concurso Comunicar en Igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

A igualdade real e efectiva de dereitos entre mulleres e homes é unha necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que, desde todos os niveis normativos, se pretende conseguir a través de diversas medidas contidas tanto nos tratados internacionais como na normativa estatal e autonómica.

A Xunta de Galicia, coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, comprométese, segundo establece o artigo 6 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade entre mulleres e homes, a integrar a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e de todas as accións que desenvolva no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

De conformidade co Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A difusión pública nos diversos medios de comunicación dos asuntos relacionados coa perspectiva de xénero e coa igualdade por razón de sexo, ten unha importancia decisiva na actualidade no labor de concienciación social sobre esa problemática e sobre a promoción da igualdade como obxectivo irrenunciado da nosa sociedade. Por estas razóns, considérase que o órgano competente en materia de igualdade da Xunta de Galicia pode exercer un labor positivo neste sentido mediante a introdución dun estímulo ou incentivo para fomentar a publicación e a investigación sobre esas materias, tanto



nos/as profesionais do xornalismo como no alumnado das facultades e escolas universitarias relacionadas con esta profesión. Así, a través desta resolución establécense as bases que rexerán o I Concurso Comunicar en Igualdade e procédese á súa convocatoria para o ano 2015.

Por todo o disposto, e no uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que rexerán a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios do I Concurso Comunicar en Igualdade. Así mesmo, por medio desta resolución convócase o dito concurso para o ano 2015.

2. Os premios do I Concurso Comunicar en Igualdade teñen como finalidade recoñecer e recompensar os traballos xornalísticos que contribúisen á defensa e difusión dos valores da igualdade entre mulleres e homes, así como á loita contra a violencia de xénero.

Trátase de premiar as boas prácticas xornalísticas respecto dun tratamento axeitado de asuntos de cobertura informativa diaria como poden ser o sexismo na publicidade, outros modelos de masculinidade, a violencia machista, a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, a violencia de xénero en colectivos especialmente vulnerables, a situación da muller nos diferentes ámbitos, así como os temas relacionados en xeral coa perspectiva de xénero e coa desigualdade por razón de xénero.

Artigo 2. *Modalidades*

1. O I Concurso Comunicar en Igualdade convócase baixo as seguintes modalidades:

- a) Premio para profesionais do xornalismo.
- b) Premio para o alumnado universitario.

2. Non poderán resultar premiadas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, en quen concorran algunha das circunstancias recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 3. *Premio para profesionais do xornalismo*

1. Nesta categoría outorgarase un premio ao mellor traballo informativo ou serie de pezas publicadas, individual ou colectivamente, baseado en criterios de calidade, esforzo investigador e de sensibilización e axeitado tratamento informativo sobre a igualdade de xénero ou sobre o fenómeno da violencia de xénero.

2. Os traballos, orixinais e en idioma galego, poderán ser de tipo impreso, dixital ou audiovisual e deberán ter sido publicados ou emitidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014 nalgún medio de comunicación (xornais, radios, televisión ou páxinas web) con influencia no ámbito galego.

3. O premio terá unha dotación económica de dous mil euros (2.000 €). Nesta cantidade efectuaranse as retencións que, de ser o caso, correspondan de acordo coa normativa tributaria aplicable.

Artigo 4. *Premio para alumnado universitario*

1. Nesta categoría poderá participar calquera alumna ou alumno con matrícula nas facultades galegas de Xornalismo, Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas no ano 2014.

2. O premio outorgarase ao mellor traballo baseado en criterios de calidade, esforzo investigador e axeitado tratamento desde a perspectiva de xénero. Os traballos, en idioma galego, poderán ser de tipo impreso, dixital ou audiovisual e aínda que non é condición indispensable que os orixinais fosen publicados previamente, o xurado valorará esta circunstancia.

3. O premio terá unha dotación económica de mil euros (1.000 €). Nesta cantidade efectuaranse as retencións que, de ser o caso, correspondan de acordo coa normativa tributaria aplicable.

Artigo 5. *Órgano instrutor*

O órgano instrutor dos expedientes será a Subdirección Xeral de Xestión Técnico-Administrativa e Orzamentaria da Secretaría Xeral da Igualdade, que se encargará de comprobar que as solicitudes ou a documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta resolución e, no suposto de que observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, e atendendo ao disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións



de Galicia, requirirá as persoas interesadas para que a reparen no prazo máximo e impro-rogable de dez días hábiles e, se non o fixesen, teranse por desistidas da súa solicitude logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6. *Composición do xurado*

1. O xurado estará presidido pola persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade, ou persoa en quen delegue e ademais formarán parte del:

- Tres vogais designados/as pola Secretaría Xeral da Igualdade.
- Tres vogais designados/as polo Consello Asesor de RTVE-Galicia e da CRTVG.

A secretaria do xurado corresponderá, con voz e sen voto, a unha persoa funcionaria da Secretaría Xeral da Igualdade, designada pola persoa titular deste órgano.

2. Na composición do xurado procurarase unha presenza equilibrada de mulleres e de homes.

Artigo 7. *Candidaturas e documentación*

1. Unha vez publicada a convocatoria, as persoas interesadas deberán presentar a solicitude (anexo I) de participación xunto coa seguinte documentación:

– Breve currículo da persoa candidata, xunto cunha memoria explicativa que resuma e explique o traballo que se presenta. No caso de xornalismo impreso, o dito traballo deberá presentarse en soporte papel e CD. Para o caso de xornalismo audiovisual (radio ou televisión) achegarase unha copia en CD/DVD. No caso de xornalismo gráfico poderá presentarse unha serie, cun máximo de cinco fotografías, indicando a súa orde, en soporte CD, formato JPG de alta resolución, mínimo 300 dpi. Para os traballos dixitais indicarse a URL onde está publicado o traballo e en caso de non estar dispoñible a través da rede presentarse un documento PDF en soporte CD.

Ademais, de ser o caso, deben incluírse os datos da publicación (medio de comunicación e data de aparición).

- Documentación xustificativa dos valores e méritos alegados.



2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. A documentación que debe acompañar á solicitude poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

4. Poderase requirir das persoas interesadas aquela información e documentación complementaria que poida resultar relevante para a avaliación dos méritos alegados.

A documentación complementaria poderá presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Artigo 8. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de setembro de 2015.

Artigo 9. Criterios de valoración das candidaturas

1. O xurado valorará, baixo estrito criterio de obxectividade, os traballos presentados conforme os seguintes criterios:

- a) Relevancia do tema tratado en relación co obxecto do premio: 5 puntos.
- b) Adecuado tratamento informativo sobre a igualdade de xénero: 5 puntos.
- c) Capacidade potencial de sensibilización social: 5 puntos.
- d) Orixinalidade e innovación: 4 puntos.
- e) Rigor e esforzo investigador: 3 puntos.
- f) Calidade narrativa e expositiva dos traballos: 3 puntos.

Puntuación máxima: 25 puntos.

2. O xurado declarará deserta calquera das dúas categorías dos premios no caso de que ningún dos traballos acade a puntuación mínima de 12 puntos en total e un mínimo de 1 punto en cada un dos criterios.

Artigo 10. Resolución e réxime de recursos

1. Os premios concederanse por concorrencia competitiva, segundo o procedemento baseado no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O procedemento iniciarase de oficio coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria pública, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O xurado fará pública a relación provisional dos premios propostos na web:

www.igualdade.xunta.es.



4. Contra ela poderase presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidencia do xurado no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa publicación.

5. Unha vez resoltas as reclamacións, o xurado elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios.

6. A persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade resolverá a concesión dos premios que será obxecto de publicación na páxina www.igualdade.xunta.es.

7. A publicidade dos premios realizarase segundo dispón a normativa vixente. Nos cinco días seguintes á notificación da concesión publicarase na páxina web oficial da Secretaría Xeral da Igualdade a relación de persoas beneficiarias, a contía e a identificación da normativa reguladora, segundo indica o artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

8. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, ou poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11. *Financiamento*

A concesión dos premios previstos nesta convocatoria realizarase con cargo aos recursos económicos asignados á Secretaría Xeral da Igualdade, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega, na aplicación orzamentaria 05.11.313B.480.1 (proyecto 2015 00144).



Artigo 12. *Condicións xerais de participación*

1. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ás presentes bases e ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. A participación na convocatoria supón a aceptación incondicional destas bases, que teñen carácter administrativo, e os seus efectos rexeranse polo establecido no seu articulado e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

3. A Secretaría Xeral da Igualdade poderá decidir a suspensión do concurso no caso de non acadarse unha participación mínima de tres persoas en cada unha das categorías. A resolución de suspensión deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

4. A Secretaría Xeral da Igualdade declina calquera responsabilidade pola perda dos traballos que concorran a estes premios derivada de roubo, extravío, incendio ou outra causa de forza maior, así como polos danos que poidan sufrir durante o tempo que estean baixo a súa custodia.

Artigo 13. *Xustificación e pagamento*

1. Unha vez publicada e comunicada a resolución definitiva, as persoas propostas como premiadas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento realizarase logo da entrega de declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas e/ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, e de non estar incurso nas circunstancias recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como declaración responsable acreditativa acerca da veracidade dos datos da conta bancaria.

3. A devandita documentación deberá remitirse antes do 15 de novembro de 2015 á Secretaría Xeral da Igualdade (Edificio Administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de



Compostela) mediante calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Obrigas das persoas beneficiarias, compatibilidade e reintegro*

1. Os beneficiarios e beneficiarias quedan obrigados a someterse ás accións de control, comprobación e inspección que efectúe a Secretaría Xeral da Igualdade, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, a achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, e demais obrigas establecidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007.

2. Os premios serán compatibles con calquera subvención ou axuda para a mesma finalidade.

3. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos correspondentes xuros de mora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Artigo 15. *Publicidade dos traballos*

A Secretaría Xeral da Igualdade queda facultada para introducir modificacións na obra premiada no caso de existir algunha dificultade técnica para a súa difusión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

A Secretaría Xeral da Igualdade queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión na lexislación vixente en materia de propiedade intelectual na cal puidesen incorrer as persoas participantes.

A presentación da solicitude implicará, para o caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, en particular no acto público de entrega de premios, así como a cesión a favor da Secretaría Xeral da Igualdade dos dereitos de edición.

A participación nesta convocatoria supón a autorización das persoas participantes para que a Secretaría Xeral da Igualdade poida exhibir, reproducir ou publicar a imaxe e conti-



do do traballo presentado na súa páxina web así como nas canles da RTVE-Galicia e da CRTVG ou en calquera outro medio que se coide oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia.

Artigo 16. *Devolución dos traballos non premiados*

Os traballos non premiados poderán ser retirados persoalmente polas persoas autoras ou ben mediante delegación por escrito noutra persoa nas oficinas da Secretaría Xeral da Igualdade no prazo de 30 días que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión dos premios na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Os traballos non premiados que non sexan retirados no prazo establecido pasarán á libre disposición da Secretaría Xeral da Igualdade.

Artigo 17. *Protección de datos*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizadasen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Igualdade. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral da Igualdade, mediante envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio Administrativo San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Disposición derradeira primeira

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2015

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade



| | | |
|-------------------------------|------------------------|------------|
| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
| PREMIO COMUNICAR EN IGUALDADE | SI437B | SOLICITUDE |

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

MODALIDADE EN QUE PARTICIPA

MODALIDADE PARA PROFESIONAIS

MODALIDADE PARA ALUMNADO UNIVERSITARIO

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Breve currículo.

Memoria xustificativa que resuma e explique o traballo.

Documentación específica do traballo (artigo 7, número 1 da resolución).

Outra documentación (indicar):

AUTORIZACIÓN PARA DIFUSIÓN

Autorizo a Secretaría Xeral da Igualdade para que poida incluír na súa páxina web ou en calquera outro soporte ou material de difusión os traballos presentados ao I Concurso Comunicar en Igualdade, así como dou o meu consentimento para a gravación e/ou emisión por calquera medio audiovisual, tanto en directo como en diferido, das actividades que poidan derivar do acto de entrega dos premios.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)



En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a: igualdade@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Resolución do 27 de xullo de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras do I Concurso Comunicar en Igualdade e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral da Igualdade

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: b4evyoc5-6jit6-9kk6-han4-gsicxasv2au0

